



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: altas na Seguridade Social e formalización de contratos de 5 peóns de limpeza viaria para o Programa de Integración Laboral (PEL 2021)

Visto que por Resolución de Alcaldía se aprobou con carácter urxente, o proceso selectivo de persoal para a 5 peóns na cuadrilla de limpeza viaria do Programa de Integración Laboral (PEL concellos 2021).

Visto que o día 07/08/2021, foi publicada no diario "La Voz de Galicia" o anuncio do proceso de selección de aprobación de bases e convocatoria do mesmo de cinco peóns de limpeza viaria, para a presentación de instancias durante seis días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio.

Visto o decreto que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar da realización da proba práctica, e vistas as actas nº 1 e nº 2 do tribunal de selección da cuadrilla de limpeza viaria do día 20/08/2021 que inclúen a valoración da fase de concurso e a de oposición, así como a valoración total dos aspirantes e a proposta de adjudicación das prazas e a clasificación por orde decrecente das mesmas,

Visto o decreto de nomeamento con número 446/2021 con data do 24/08/2021 dos 5 aspirantes, e vista a renuncia á praza presentada pola aspirante nomeada Dona María Consuelo Ferreiro Souto o día 25/08/2021 con rexistro de entrada 2021000001551, así como o novo decreto de nomeamento nº 450/2021 do 25/08/2021.

Tendo en conta que nos decretos de nomeamento dos 5 peóns de limpeza viaria se lles outorgaba aos adjudicatarios que presentaran a documentación según o establecido na cláusula oitava das bases. Visto que os 5 candidatos presentaron en tempo e forma a documentación solicitada, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local **RESOLVO:**

Primeiro: : dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato laboral temporal a 5 peóns de limpeza viaria do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación da Coruña (PEL2021) aos seguintes aspirantes e coas características seguintes:

| APELIDOS E NOME |
|--------------------------------|
| Alvarelos Pailos, Alfonso |
| Alvarez Chouciño, Rosina María |
| Ferreiro Souto, María Consuelo |
| Lema García Rebeca |
| Pérez Blanco José |

- **Data de inicio:** 01/09/2021
- **Data de fin:** 31/12/2021
- **Tipo de contrato:** por obra ou servizo a tempo parcial.
- **Xornada:** parcial (25h/semana) en quendas de mañá ou tarde.
- **Horario:** mañás de 08:00 a 13.00h ou tardes de 13.30h a 18.30h
- **Salario:** 593,75€. Prorrata paga extra: 98,96€. Total: 692,71€

Segundo: publicar este acordo na web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro: dar traslado desta resolución na próxima sesión plenaria do Concello. En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)